




MONTES DO GALIÑEIRO

Adela Leiro, Mon Daporta

Distancia: 6 a 10 km (circular)

Dificultade: media

Duración: 3/4 horas



Unha camiñada pola Serra do Galiñeiro na que conflúen os concellos de Gondomar, Vigo e O Porriño. Para percorrer de 6 a 10 km (dependendo dos desvíos que fagamos) nos que entreterse de 3 a 4 horas, camiñando por pistas, cortalumes e carreiros de monte gozando da paisaxe, das pedras labradas por séculos de lume e choiva, para achegarse, e ver polo miúdo, os cumes descarnados da serra e as panorámicas de 360º que se abranguen desde eles, desde Vigo e a ría (tapados en parte polo monte Alba), as illas Cies, monte Ferro e as illas Estelas, o val do Miñor, Baiona, os montes da Groba, o tramo final do val do Miño, o monte Aloia, a depresión do Porriño e os montes que a rodean; e más ao lonxe o Suído, a Paradanta. O Leboreiro e os montes do norte de Portugal; achegarse ás verticais de rochas encasteladas e fracturadas, de grandes bloques polas que só as cabras ou os practicantes da escalada poden gabear.



Cume do Galiñeiro



Cume do Galiñeiro Sur ou Arruído.

Vista da serra do Galiñeiro desde Monteferro. O Galiñeiro é unha pequena serra do Sur de Pontevedra con orientación NO-SE, formada na parte norte por gneis e na sur por pedra de gran. O pico más alto é o monte do Galiñeiro con 709 m. Na vertente oeste nace o río Miñor, que desemboca na Ramallosa e na leste pequenos cursos de auga afluentes dos ríos Louro e Miño. Unha gran parte do territorio está ocupada por mato de toxos e breixos e por repoboacións forestais. Nalgúnshas áreas viven vacas, cabras e cabalos en semiliberdade. A serra acolle especies de flora e fauna de interese.



PERCORRIDO

En **Vincios**, xusto antes de cruzar por enriba da autoestrada, ou despois de cruzala se vimos desde Vigo ou da autoestrada, sae unha pista asfaltada que temos que seguir, na primeira bifurcación, collemos o desvío da dereita , que sube, e na segunda o da esquerda, que tamén sube, ata chegar a unha **área de lecer**, aquí xa podemos deixar o vehículo e empezar a ruta pero tamén podemos seguir un pouco máis ata o punto do que saen á dereita e á esquerda da estrada unhas pistas de terra. Aquí iniciamos a ruta. Pola pista da dereita da estrada podemos achegarnos ao **curro do Galiñeiro** e aos **petróglifos de Auga da Laxe**, e pola pista da esquerda, que sube, aos cumes da serra. No punto máis alto desta pista, xusto entre os dous cumes da serra, conflúen os tres concellos. Aquí desviámonos pola pista da dereita para achegarnos ao **cume do sur (O Arruído)**, coroado por un posto de vixilancia de incendios, e volvemos a baixar. Cando estamos de volta na pista vemos, case de fronte, un carreiro que se mete entre os piñeiros e logo sube, con bastante pendente e pedras soltas, para achegarnos ao cume do norte, no que está o **vértice xeodésico**, desde aquí podemos seguir, por carreiros más ou menos marcados, a camiñada pola liña de cumes ou baixar polo cortalumes ata onde o atravesa unha pista. Neste punto desviámonos polo ramal da esquerda e seguimola o resto do traxecto, a uns 200 m atopamos un camiño que sube e serve para achegarse á beira, máis adiante hai outros menos evidentes, algúns sinalados con moreas de pedras, que serven para achegarse aos puntos máis altos das paredes. De volta na pista seguimola ata que se xunta con outra. Neste cruzamento podemos desviarnos á dereita para achegarnos á **fervenza de Zamáns**, unha fermosa escorregadoira que só ten auga despois da choiva, o resto do tempo e un pouco máis que un fio de auga, logo hai que desandar o camiño e seguir a pista, pola esquerda, ata o punto de inicio. Cando pasemos á altura da área de lecer, que se ve abaixo e á dereita, e pouco despois do refuxio, que teremos arriba e á esquerda, atoparemos á esquerda un carreiro que sube, por el chegaremos a un camiño que vai paralelo á pista pero desde o que podemos ver sen o atranco dos piñeiros as paredes desde abaixo.

Para achegarse á fervenza de Zamáns temos dúas opcións a primeira curta pero con moita pendente. A uns 300 m do desvío temos á esquerda da pista unha antena e un pouco máis adiante un regueiro, entre estes dous puntos temos que escoller o sitio polo que baixar, por carreiros do gando e terreo pedregoso e de forte desnivel e subir de volta polo mesmo camiño; e a segunda más doada pero duns 2,5 km pola que chegamos á fervenza seguindo a pista ata que atopamos un desvío á esquerda nunha plantación de piñeiros (antes de chegar a este punto é posible tomar algún atallo desde a pista ao camiño que se ve debaixo) que volve cara atrás e remata case enriba da caída da auga a onde nos achegamos por un carreiro pouco marcado. A volta pódese facer polo mesmo camiño da ida ou cruzando o río e subindo cara á antena polos carreiros do gando e as pedras, subir sempre é más doado que baixar.





O Galiñeiro desde o Arruído. As rochas están espidas de vexetación despois de varios incendios.






Curro do Galiñeiro





Desde os cumes do Galíñeiro hai boa vistas panorámicas sobre a costa de Baiona e a Ría de Vigo cara ao Oeste e sobre as Gándaras de Budío no Leste.






Fervenza no rego do Amiudal




Cabras nos penedos do Galiñeiro



Unha das covas preto do cume do Galiñeiro



Gagea nevadensis, unha planta pouco común que podemos atopar no Galiñeiro.



Petróglifos Auga da Laxe, no que aparecen representadas diferentes armas (de características únicas no continente europeo).